Sr. alcalde do concello de Campo Lameiro

EXPEDIENTE:	**ORDE do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 247, do 30 de decembro)**
ASUNTO:	**Notificación de resolución de concesión de subvención**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estableceu as bases reguladoras e convocou as subvencións que se recollen na Orde do 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.

De acordo co disposto na orde de convocatoria, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza resolveu **concederlle** unha subvención ao **Concello de Campo Lameiro** para o proxecto denominado ***Adecuación camiño da Conla***, por importe de **28.000,00 €**. Esta axuda representa o 70,00 % sobre o orzamento elixible do proxecto.

Con carácter xeral e sen prexuízo do cumprimento das demais normas contidas na orde de convocatoria e na restante normativa de aplicación, a entidade beneficiaria deberá ter en conta o seguinte:

- **ACEPTACIÓN:** A entidade beneficiaria deberá remitir, segundo o modelo que se xunta, a comunicación de aceptación da subvención e das condicións contidas nela no **prazo de dez días**, contados a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 14 da orde de convocatoria. Se transcorrer o prazo sen que se produza unha manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

  Esta aceptación inclúe, en todo caso, o compromiso de **execución completa do proxecto** que fundamentou a resolución de concesión, que ten un orzamento total de **40.000,00 €** (IVE incluído). A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar o cumprimento da finalidade da axuda, cando o considere conveniente.

- **OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:** As obrigas xerais dos beneficiarios están recollidas no artigo 15 da orde de convocatoria, sen prexuízo da obriga do cumprimento da restante normativa de aplicación, nomeadamente en materia de subvencións. Entre as citadas obrigas atópanse as seguintes:

- **EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN**: As entidades beneficiarias deben **executar** as actuacións subvencionadas e presentar a **documentación xustificativa no prazo establecido, que remata o 31 de outubro de 2020** (inclusive), tal e como dispón o **artigo 17** da orde de convocatoria. Non existe a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta.

- **PUBLICIDADE:** Todas as entidades beneficiarias deberán colocar un cartel publicitario durante a execución do proxecto subvencionado e, logo da súa finalización, unha placa explicativa permanente ao remate do proxecto segundo o modelo que se incorpora como anexo VI a esta orde.

  Aqueles proxectos que inclúan **actuacións** en varios lugares deberán colocar, en todos os lugares en que as actuacións se desenvolvan, os respectivos carteis informativos durante a execución e as correspondentes placas explicativas permanentes, segundo o modelo que se incorpora como anexo VI a esta orde.

- **CONTRATACIÓN**: A tramitación e contratación das obras ou equipamentos realizarase segundo o estipulado no artigo 16 da orde de convocatoria. Será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que puidesen derivar dos incumprimentos.

  Nos supostos en que sexa exixible (artigo 16.3 da orde de convocatoria), a entidade beneficiaria deberá presentar o documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

  Tamén deberán achegar unha copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación calidade-prezo ou, nos supustos permitidos pola lei, nun único criterio de adxudicación relacionado cos custos.

- **PAGAMENTO DAS ACTUACIÓNS**. As entidades beneficiarias están obrigadas a **acreditar documentalmente o pagamento da totalidade das actuacións** que integran o proxecto subvencionado mediante **xustificante de transferencia bancaria**, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención (artigo 19 da orde de convocatoria).

- **CONCORRENCIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS**. Estas axudas son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

  En ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

  A entidade beneficiaria está obrigada a comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- **PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN.** Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable á subvención, constitúen causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes (artigo 20 das bases reguladoras):

  - Non presentar a documentación xustificativa en tempo e/ou en forma ou a súa presentación insuficiente ou incompleta con respecto aos termos exixidos polo artigo 17 desta orde.
  - Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos aplicables, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
    a) Non executar o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. Para estes efectos, considerarase execución incompleta a xustificación de conceptos e

elementos que representen menos do 60% do orzamento dalgunha das actuacións subvencionables.

b) Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas nesta orde, nomeadamente a obriga de colocar cartel e placa informativa permanente en todos os lugares en que se executen as actuacións que integran o proxecto subvencionado.

c) Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos que constitúen o obxecto da subvención.

d) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

A perda do dereito será total ou parcial segundo afecte todas ou algunha das actuacións que integran o proxecto subvencionado.

Contra a citada resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Mediante este documento, notifícolle a devandita resolución, segundo o esixido no artigo 12 da orde de convocatoria e de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Asemade, xúntanselle anexos cos modelos para a aceptación, de ser o caso, da subvención outorgada e de cartel informativo e de placa explicativa permanente para cumprir as obrigas de publicidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
(documento asinado dixitalmente na marxe)